



Fundación
Vicente Risco

POETAS
D'UNIVERSOS



galeriacircular.com
galería de arte

Tradución ao galego de Yolanda Castaño

Natural do Rajhastán e residente no estado de Kerala (sur da India), Rati Saxena é poeta, tradutora, editora, promotora cultural e estudosa dos Vedas. Autora de once poemarios en hindi e inglés, algúns libros seus foron publicados tamén en tradución ao malabar, irlandés, italiano e inglés. Como estudosa dos textos sagrados da literatura clásica escrita en sánscrito, a súa pescuda no Atharvaveda viu a luz co título de *The Seeds of the Mind* e grazas ao padroado do Centro Nacional das Artes Indira Ghandi. Publicou tamén un diario de viaxes, un libro de memorias e un ensaio crítico sobre a obra do afamado poeta malabar Balama-niyamma.

Como tradutora ten vertido unha ducia de obras, tanto en prosa como en verso, escritas en malabar (lingua falada en Kerala) para o hindi, así como doulos libros noruegueses. Este labor valeulle o premio da Kendriya Sahitya Akademi no ano 2000. Por outra banda, textos seus teñen sido traducidos a idiomas coma o chinés, vietnamita, albanés, español, uzbeko ou indonesio.

Participou en diversos seminarios celebrados no seu país e ten colaborado nun bo número de publicacións periódicas. Fóra da India, impartiu conferencias en universidades americanas e fixo parte de numerosos festivais internacionais de poesía en países como Italia, Noruega, Macedonia, Austria, Colombia, Irán ou China, e é unha das tres representantes en Asia do World Poetry Movement. Rati Saxena dirixe anualmente o festival de poesía Kritya, e é editora da revista literaria dixital do mesmo nome.

A MIÑA SABA

Aquela mañá cando espertei, vin
un buratiño na miña saba,
resultado de perderme entre sonos.
Así que me afanei co fio de seda todo o día
e para a noite xa cosera unha ventaiña
para albiscar uns poucos soños novos.

A oídia seguinte espertei con outro burato
e esta vez púxelle ao fio algo de cor.
Antes do solpor creara unha portiña.

Os meus soños xa podian saír, dar unha volta
no canto de quedar a mirar dende unha fiesta,
soños ceibados para vagar pola noite toda enteira.
Cada mañá veu traer novos buratiños;
Cada día atafegada con fio e con pintura.

Hoxe a miña saba é un patio xigantesco
cunha árbore de baniano chea de paxaros con peteiros
coma estrelas vermellas,
mesmo se o sol como a lúa permanecen ausentes.

Así que boto as mañás procurando ese ocos
onde un sol e unha lúa poderian tecerse,
non só nesta galaxia
senón tamén a través de moitas
outras en distintas capas,

sabendo que ao final existe un burato último
a través do que saír
e nos unir ao gran más alá

nun reino de luz xa sen costuras.

PIRA DO POETA

Nun mundo cunha venda nos ollos
eu toco o tambor immortal
—Bhikku Nanamoli

Non é este o primeiro poema
que saco dos vellos arquivos poeirentos
pese a todos os novos e frescos
que recenden a potas de barro a estrear

Mais eu collín este.
-Agnaye swaha! -
A primeira ofrenda para a túa pira
a viaxe entre o teu ser
e non ser
non é difícil

Estabas aquí ata onte mesmo
no amarelo recortando as follas
no bolígrafo entre os meus dedos
nos seus riscos sobre o papel
no vento dando voltas entre o meu ventilador
no aroma das especias enchendo a cociña
aínda estás aí
a pesar de que o soporte do bolígrafo está baleiro
as follas secas caeron
e o aroma da cociña
xa se foi

Agnaye swaha!
esta é a segunda ofrenda que fago
á túa pira.
está no mar a gamela
na gamela a rede
na rede o pescado
peixe que mata o pescador
azul a sombra que esvaece
unha gamela pode ir a piqué
peixe para a túa rede son

Rati Saxena

POETAS NA CORTE
D'EL REI SABIO



9 de xuño de 2015 · Fundación Vicente Risco

Agnaye swaha!
este é o terceiro poema
a última ofrenda á túa pira

quedarás no verso
nos restos da poesía
que xuntos escribimos
lembrais?